

## CRÓNICA LEGISLATIVA DE GALICIA. PRIMEIRO E SEGUNDO SEMESTRE DE 2020

Alba Nogueira López\*

### Resumo

O texto recolle as novidades normativas que afectan ao impulso do galego en Galicia aprobadas durante 2020. A situación de pandemia que obrigou a aprazar as eleccións autonómicas ata xullo provocou que fora un ano cunha actividade legislativa practicamente inexistente posto que o Parlamento xa tiña sido disolto no inicio de 2020 e cunha actividade do goberno tamén baixo mínimos. En definitiva, a habitual falta de ton da política lingüística foi máis acusada por estas razóns.

Palabras clave: eleccións autonómicas, seca normativa, continuidade na estrutura orgánica, subvencións

### LEGISLATIVE REPORTS ON GALICIA

*First and second half of 2020*

#### Abstract

*The text includes the new legislation that affects the promotion of Galician in Galicia approved during 2020. The pandemic that forced the postponement of the regional elections until July meant that it was a year with almost no legislative activity since Parliament had already been dissolved in early 2020 and government activity was also below minimums. In short, the usual lack of tone in language policy was more pronounced for these reasons.*

*Keywords: autonomous elections; regulatory drought; continuity in the organic structure; subsidies.*

---

\* Alba Nogueira López, catedrática de Derecho Administrativo, Universidade de Santiago de Compostela. [alba.nogueira@usc.es](mailto:alba.nogueira@usc.es)

**Citaci3n recomendada:** Nogueira L3pez, Alba. (2020). Cr3nica legislativa de Galicia. Primeiro e segundo semestre de 2020. *Revista de Llengua i Dret, Journal of Language and Law*, 75, 281-284. <https://doi.org/10.2436/rld.i75.2021.3612>

## **Resumo**

1 Ano electoral e de pandemia. Continuidade na estrutura orgánica e seca normativa

2 Axudas públicas para o galego

## 1 Ano electoral e de pandemia. Continuidade na estrutura orgánica e seca normativa

O Decreto 12/2020, de 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, xa facía albiscar que unha parte de 2020 a actividade lexislativa ía estar ralentizada. Ademais, o estourido da pandemia e a posterior desconvocatoria e reconvocatoria de eleccións provocou que ata o mes de xullo non se celebraran eleccións e a constitución e efectivo funcionamento do Parlamento non se producira ata a volta do verán. Se a actividade lexislativa xa estaba baixo mínimos nos últimos anos (3 en 2018, das que dúas eran as ligadas aos orzamentos; 8 en 2019), 2020 non se estreou. O Parlamento non aprobou ningunha lei ao longo de todo o ano.

A falta de pulso político trasladouse tamén ao executivo. Ata o mes de setembro non se publican os Decretos de estrutura orgánica e non pode destacarse ningunha norma regulamentaria ou plan autonómico en relación co uso do galego en todo o ano.

O [DECRETO 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia](#) mantén unha estrutura continuista no que se refire á política lingüística. O máximo órgano encargado dela segue tendo o rango dunha Secretaría Xeral, a Secretaría Xeral de Política Lingüística integrada na Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Non se eleva por tanto o rango orgánico, nin pasa a depender directamente do Presidente como sería acaído para transversalizar a acción de protección da lingua. A continuidade orgánica tamén o foi na titularidade do órgano. Valentín García Gómez mantense como Secretario Xeral. Baixo a súa dirección, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, ten dúas subdireccións: a Subdirección Xeral de Política Lingüística e a Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística.

## 2 Axudas públicas para o galego

Tan só unha limitadísima actividade de fomento rutineira por repetitiva permite falar dalgunha medida adoptada en 2020. As habituais axudas para a elaboración de materiais escolares e para entes locais, xunto cunha convocatoria nova dun corte basicamente cultural para inxectar fondos nun mundo da cultura devastado polos peches da covid, son o único salientable de 2020.

No referente a materiais didácticos, a [Orde do 11 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios e se procede á súa convocatoria para o ano 2020](#), dirixida ás editoriais contaba cunha asignación orzamentaria de 200.000 euros.

En cambio, a covid e o peche dos centros educativos provocou que se deixara sen efecto as dúas convocatorias tamén habituais de axudas para proxectos nos centros públicos e privados respectivamente. A [Orde do 2 de xuño de 2020 pola que se deixan sen efecto as bases e as convocatorias das axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública e privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis](#) foi o instrumento a través do que se fixo efectiva esa “desconvocatoria”.

Mantívose, en cambio, viva a convocatoria de axudas aos Concellos. Por [ORDE do 18 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2020](#) fíxose a convocatoria, que foi resolta por [Resolución de 1 de outubro de 2020](#) e que só tivo algo máis de 30 concellos beneficiarios e contaba con 100.000 euros de asignación orzamentaria.

A maioría do orzamento da Secretaría Xeral canalízase, non obstante, cara actividades culturais de moi diverso tipo. O impulso do galego basicamente consiste en apoiar espectáculos e actividades culturais diversas que se desenvolven en galego. Estas actividades non están sometidas a unha planificación de obxectivos, nin a unha avaliación de resultados polo que os efectos reais sobre o uso do galego non poden medirse. A Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da que forman parte a Xunta e moitos Concellos é a estrutura a través da que se canalizan estas axudas. Ao longo de 2020 subvencionou máis de 400 accións de promoción do uso social de idioma desenvoltas polos Concellos, cun investimento que ascendeu a máis de 900.000 €. A

maioría dos proxectos foron xestionados desde o [Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021](#) impulsado pola Xunta de Galicia para apoiar o sector cultural no contexto da pandemia. A falta dun criterio condutor e a heteroxeneidade das propostas dificultan que poidan entenderse como actuacións dunha política lingüística vertebrada.